



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA
O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se amplían prazas da oferta de emprego público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, aprobada polo Decreto 65/2007, do 12 de abril.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas de execución de medidas para menores infractores (medidas alternativas ao internamento ditadas polos xuíces de menores e de capacitación de profesionais das comunidades autónomas).

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Entrimo, para obras en edificio de usos municipais.



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para que, na concesión dun aval subsidiario a *Luis Calvo Sanz, S.A.*, se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade, que o importe do aval poida superar o 5% da contía global establecida na Lei de orzamentos para o ano 2007, e que se poida excepcionalar o solicitante da achega de garantías reais.
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para que, na concesión dun aval subsidiario a *Bernardo Alfageme, S.A.*, se poidan establecer condicións especiais de subsidiariedade, e que o importe do aval poida superar o 5% da contía global establecida na Lei de orzamentos para o ano 2007.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)*, para a execución e o desenvolvemento do Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto da área de descanso na autovía A-6, p.q. 474, marxe esquerda, (clave 39-LU-4080), sobre a dos montes veciñais en man común Reboiro, Serra do Galo, o Picato, Carballal e Veigas, pertencentes á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común do Picato, no concello de Barralla, na provincial de Lugo, promovido pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia-Dirección Xeral de Estradas.
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de Ampliación das instalacións do Complexo Turístico do Corgo sobre a dos montes veciñais en man común "Lama da Cela, Torrente e Lomba, pertencentes á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Muíños, no concello de Muíños (Ourense), promovido polo Concello de Muíños.



A XUNTA AMPLÍA A SÚA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA 2007 ATA AS 1.044 PRAZAS

- *En total, a oferta para 2007 supón un incremento de máis do dobre no relativo ás prazas correspondentes a escalas da administración xeral e corpos de administración especial*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se amplía en nove prazas a súa oferta de emprego público para o ano 2007. Así, en total ofertaranse este ano 1.044 postos, xa que estes 9 se engaden ás 1.035 prazas aprobadas polo Consello o pasado mes de abril. Con esta ampliación, a oferta de emprego público para o ano 2007 supón un incremento en máis do dobre no relativo ás prazas correspondentes ás escalas de administración xeral e corpos de administración especial con respecto á do ano 2006.

A oferta de emprego público deste ano eleva a cota de acceso para discapacitados ao 7%, de tal xeito que se reservará esa porcentaxe das prazas para persoas con discapacidade. Cómpre sinalar que ese redondeo se establece á alza, polo que se o resultado da aplicación do 7% dá unha diferenza igual ou superior ao 0,5, computarase como 1. Ademais, establece a preferencia na elección de destino para persoas con discapacidade xustificada por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas.

Segundo o texto do decreto aprobado hoxe, a Oferta de Emprego Público correspondente a distintos corpos e escalas de administración xeral e especial –así como a distintas categorías de persoal laboral fixo da Xunta- modificarase para engadirle seis prazas de persoal funcionario do corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de letrados; e tres prazas de persoal funcionario do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de enxeñeiros de camiños, canais e portos.

Así mesmo, o decreto aprobado na reunión do Consello desta mañá especifica que cando nun determinado corpo, grupo ou categoría da Administración pública galega se verifique a infrarrepresentación do sexo feminino, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos serán admitidas as mulleres; salvo se se consideran obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos os sexos existan motivos non discriminatorios para preferir o home.

Para estes efectos, enténdese a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, grupo ou categoría correspondente exista unha diferenza porcentual de polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o de homes.



Xúntase a listaxe dos 1.044 postos ofertados en 2007:

Corpos xerais	
Superior de administración da Xunta (grupo A)	27
Administrativo da Xunta (grupo C)	39
Auxiliar da Xunta (grupo D)	103
Subalerno da Xunta (grupo E)	205
Escalas	
Escala superior de estatísticos (grupo A)	4
Escala superior de finanzas (grupo A)	8
Escala de Inspección Urbanística (grupo A)	6
Escala de letrados (grupo A)	9 (6 novos)
Escala técnica de finanzas (grupo B)	10
Escala técnica de Inspección Turística (grupo B)	8
Escala técnica de Inspección de Consumo (grupo B)	6
Escala de xestión de Sistemas de Información (grupo B)	12
Escala de Subinspección Urbanística (grupo B)	13
Escala técnica auxiliar de informática (grupo B)	33

Administración especial

En canto ao número de prazas de administración especial, a oferta inclúe 179 prazas, 86 do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia e 93 do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia distribuídos do modo seguinte:

Corpo facultativo superior da Xunta (grupo A)	
Arquitectos	14
Enxeñeiros agrónomos	25
Enxeñeiros de camiños, canles e portos	13 (3 novos)
Enxeñeiros de minas	2
Enxeñeiros de telecomunicacións	2
Enxeñeiros de montes	11



Biólogos	12
Facultativos de arquivos	5
Facultativos de bibliotecas	3
Facultativos de museos	2
Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)	
Enxeñeiros técnicos agrícolas	42
Enxeñeiros técnicos industriais	7
Enxeñeiros técnicos forestais	23
Arquitectos técnicos	2
Axudantes de arquivos	3
Axudantes de bibliotecas	11
Axudantes de museos	1
Axentes de extensión pesqueira	4

Persoal laboral	
<i>Grupo I</i>	
Titulado superior ambiental	14
Titulado superior especialista	1
<i>Grupo II</i>	
Técnico ambiental	3
<i>Grupo III</i>	
Axente auxiliar inspección transportes	5
<i>Grupo IV</i>	
Legoeiro	55

Promoción interna	
Corpos xerais	
Superior da administración da Xunta (grupo A)	28
Xestión da administración da Xunta (grupo B)	19
Administración da Xunta (grupo C)	131
Auxiliar da Xunta (grupo D)	120
<i>Escalas</i>	
Escala Superior de Finanzas (grupo A)	3

O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO POLO QUE SE PON EN MARCHA A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA PARA GARANTIR A FUNCIÓN SOCIAL DO SOLO

- *Este ente consorciado cos concellos entrará en funcionamento coa publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*
- *A Axencia encargárase da vixilancia e a inspección do territorio e da protección do litoral coa fin de velar polo cumprimento da legalidade, prever e combater as infraccións en materia de urbanismo e de costas*
- *Este organismo asume as competencias en materia de disciplina urbanística e de protección do litoral que están actualmente atribuídas á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes*
- *Os estatutos hoxe aprobados foron sometidos á audiencia dos concellos e ratificados pola Comisión de Cooperación Local e contaron co ditame da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e do Consello Consultivo da comunidade*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe hoxe ao decreto polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), que quedará constituída de xeito efectivo nos vindeiros días, logo da publicación do citado decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente consorciado cos concellos que se encargará da vixilancia e inspección do territorio e da protección do litoral coa finalidade de velar polo cumprimento da legalidade, prever e combater as infraccións en materia de urbanismo e de costas, sobre todo as que se poidan cometer en zonas especialmente sensibles.

Os estatutos da Axencia foron sometidos á audiencia dos concellos e ratificados pola Comisión de Cooperación Local. Así mesmo, contaron co ditame da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e do Consello Consultivo de Galicia.

Segundo establece o decreto, a APLU asume as competencias en materia de disciplina urbanística e de protección do litoral que están actualmente atribuídas á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Pola súa banda, o Consello da Xunta manterá a competencia para resolver os expedientes sancionadores tramitados pola Axencia.

Funcións

Os estatutos recollen de xeito pormenorizado as funcións da Axencia, á cal lle corresponde, entre outras:

- a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo
- a adopción das medidas cautelares previstas na Lei do solo



- a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas
- a potestade sancionadora e de reposición da legalidade
- o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa
- o asesoramento e asistencia ás administracións públicas
- as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela

Adhesión

Os estatutos aprobados hoxe polo Consello da Xunta establecen que serán membros da Axencia a Xunta de Galicia e aqueles concellos que voluntariamente se integren nela nos termos e condicións establecidos. A incorporación por parte dos concellos interesados realízase a través dun convenio de adhesión previamente aprobado polo correspondente Pleno da Corporación e polo Consello da Xunta. A adhesión producirá necesariamente a atribución á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente neste organismo.

Organización

Os órganos directivos da Axencia son o Consello Executivo e a Dirección (que será nomeada polo Consello da Xunta por un prazo de catro anos).

O Consello Executivo é o órgano colexiado de dirección e control da Axencia, e estará formado polo presidente/a (que será o director/a xeral competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia) e oito vogais (catro en representación dos concellos adheridos e outros catro en representación da Comunidade Autónoma). O Consello Executivo deberá estar constituído no prazo de tres meses contados a partir da entrada en vigor do decreto e, mentres non se constitúa, as funcións do Consello Executivo serán exercidas pola conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Persoal

O persoal ao servizo da Axencia estará integrado por funcionarios públicos da comunidade autónoma e das administracións locais do país, consonte o disposto na Lei da función pública de Galicia.

A Axencia da Legalidade Urbanística vén completar o conxunto de medidas postas en marcha polo Goberno galego para ordenar o territorio e frear a súa degradación. Dentro destas medidas destaca a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que entrou en vigor o pasado 17 de maio. Esta lei ten por obxecto preservar os valores paisaxísticos e a riqueza natural da costa galega, mentres non sexa aprobado o Plan de Ordenación do Litoral ou ben os concellos



costeiros non adapten os seus planeamentos urbanísticos á normativa actual. O texto establece a suspensión cautelar e transitoria de todos os novos desenvolvementos urbanísticos na franxa dos 500 metros da liña litoral para determinados tipos de clasificación de solos (queda excluído o solo urbano consolidado dentro da franxa dos 500 metros do litoral). En total, a lei afecta o 13% da superficie urbanizable dos municipios costeiros, ao redor de 3.000 hectáreas. Isto supón que a lei só afecta o 1% do solo urbanizable de toda Galicia.

Instituto de Estudos do Territorio

A lei promove a creación do Instituto de Estudos do Territorio, que terá por obxecto prestarlles asistencia e asesoramento aos concellos para a elaboración, xestión, adecuación e execución do seu planeamento, así como realizar traballos de investigación e difusión e prestar apoio á consellería. O instituto tamén se encargará da análise, de estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Plan de Ordenación do Litoral de Galicia

O Consello da Xunta acordou o pasado 24 de maio iniciar o procedemento formal de elaboración e aprobación do Plan de Ordenación do Litoral. Este Plan establecerá os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de protección e desenvolvemento sostible. Así mesmo, a CPTOPT está a traballar nas directrices de ordenación do territorio.

Axudas ao planeamento

Así mesmo, a CPTOPT habilitou ordes anuais de axudas (39 millóns de euros en cinco anos) en concepto de subvencións aos concellos para que adapten os seus planeamentos á normativa urbanística vixente. Deste xeito Política Territorial financiará a totalidade dos custos do planeamento nos 196 concellos de menos de 5.000 habitantes, o 90% nos 97 de entre 5.000 e 20.000 habitantes e o 80% nos 15 concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes. No caso das sete grandes cidades, as axudas formalizaranse a través de convenios específicos con cada unha delas.



A XUNTA DE GALICIA E O MINISTERIO DE TRABALLO INVESTIRÁN MÁIS DE 550.000 EUROS NA REALIZACIÓN DE PROGRAMAS ALTERNATIVOS AO INTERNAMENTO DE MENORES INFRACTORES

- *O convenio autorizado hoxe permitirá desenvolver un total de catro proxectos en centros de atención de día para menores en cada unha das provincias de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de programas de execución de medidas para menores infractores. Trátase de medidas alternativas ao internamento ditadas polos xuíces de menores e de capacitación de profesionais das comunidades autónomas. Os proxectos que se financian a través deste convenio seleccionáronse de acordo cos criterios acordados na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais.

A Xunta de Galicia inviste nesta iniciativa un total de 345.207 euros. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais achega a cantidade global de 219.416 euros. Mediante este convenio fináncianse en Galicia catro proxectos que se desenvolven en centros de atención de día para menores en cada unha das provincias galegas.



A XUNTA ACHEGARÁ 90.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS NUN EDIFICIO DE USOS MUNICIPAIS EN ENTRIMO

- *O Consello autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia e o Concello con este obxectivo*

A Xunta achegará 90.000 euros para a realización de obras nun edificio de usos municipais no concello de Entrimo. Con este obxectivo, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e este Concello.

Esta cantidade estará dividida en dúas anualidades e o acordo estará vixente desde o día seguinte á súa sinatura. A súa extensión non poderá superar en ningún caso o 31 de decembro de 2008.

Segundo se recolle no texto, a tramitación e adxudicación das obras será realizada polo Concello de Entrimo conforme a súa propia normativa e o Goberno municipal dará conta deste acto á consellería a través da Dirección Xeral de Administración Local. O libramento da achega realizarase contra a presentación, pola entidade local, das correspondentes certificacións de obra e facturas, acompañadas de certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no convenio crearase unha comisión paritaria composta por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do concello, que propondrá cantas actuacións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución.



O IGAPE APOIARÁ FINANCEIRAMENTE OS PLANS ESTRATÉXICOS DOS GRUPOS CONSERVEIROS BERNARDO ALFAGEME E CALVO AO CONCEDERLLES AVAIS POR 42 MILLÓNS DE EUROS

- *A medida enmárcase na estratexia da Xunta de priorizar a concentración dos esforzos de apoio nos sectores produtivos con maior potencial de extensión e crecemento*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Facenda, apoiará financeiramente os grupos conserveiros Bernardo Alfageme, de Vigo; e Luis Calvo Sanz, da Coruña, inmersos en cadanseu plan estratéxico orientado ao reforzamento das súas estruturas produtivas e a impulsar o crecemento do negocio a través de procesos de innovación, de diversificación e de internacionalización. Así o autorizou hoxe o Consello da Xunta, logo da aprobación por parte da Comisión Delegada da Xunta para Asuntos Económicos da declaración de especial interese socioeconómico para Galicia das operacións de apoio.

A medida adoptada enmárcase na estratexia desenvolvida pola Xunta que prioriza a concentración dos esforzos de apoio nos sectores produtivos cun maior potencial de expansión e crecemento. O Igape apoia os novos plans de negocio impulsados por ambos os grupos conserveiros, que apostan pola innovación, a diversificación da oferta e a internacionalización como claves da súa expansión. O sector conserveiro galego supón o 80% da produción do conxunto de España, factura arredor de 1.000 millóns de euros e dá emprego a 12.000 persoas.

O grupo que integran Bernardo Alfageme, Conservas Peña e Mariscos San Cayetano -que ten catro plantas de produción no sur de Galicia- conta cun plan estratéxico que prevé un investimento de 126 millóns de euros nos próximos anos e medidas como a posta en marcha dun plan de I+D+i orientado ao desenvolvemento dunha gama de novos produtos elaborados. Tamén impulsará un plan comercial para reforzar a estratexia de marca, un plan de organización e sistemas para optimizar a produción e un plan de expansión. A autorización aprobada hoxe habilita ao Igape a conceder un aval por 24,5 millóns de euros en garantía do 70% dun préstamo destinado a financiar o seu plan.

No caso do Grupo Calvo, -que integra sociedades con actividade en toda a cadea de valor do produto e ten fábricas en Galicia, Brasil, El Salvador e Marrocos-, o plan estratéxico está orientado á mellora da competitividade e ao reforzo da súa estratexia de marca mediante a diversificación e a potenciación das canles de comercialización e da mercadotecnia. A autorización aprobada habilita o Igape para conceder un aval por 17,5 millóns de euros en garantía do 70% dun préstamo bancario.



EDUCACIÓN IMPULSA A CREACIÓN DO OBSERVATORIO DE PRODUCCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

- *A Administración educativa autonómica achega 200.000 euros para a execución deste observatorio, que recollerá datos da situación do sistema galego de ciencia e tecnoloxía*

O Consello da Xunta acaba de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) para a execución e desenvolvemento do Observatorio de Produción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia (SUG), coa finalidade de recoller datos da situación e evolución dos principais indicadores, así como de elaboralos eses datos para proporcionarlles información aos axentes que a precisen e levar a cabo accións de avaliación da investigación e valorar a súa incidencia no desenvolvemento do sistema de ciencia e tecnoloxía galega. A Administración educativa autonómica achegará 200.000 euros en virtude deste acordo.

Así, a ACSUG levará a cabo as seguintes actividades para lograr os obxectivos do convenio:

- mantemento informático da páxina web do Observatorio de Produción Científica e Tecnolóxica do SUG
- establecemento da metodoloxía e elaboración dos informes e das propostas necesarios para coñecer a situación da ciencia e a tecnoloxía do SUG
- elaboración de informes predefinidos ou dos informes que lles solicite a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- e establecemento dos acordos de cooperación co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia) para a adquisición dos datos bibliométricos que requira o observatorio.

Este acordo xorde da necesidade dos axentes do Sistema Galego de Innovación, entre eles a Administración educativa galega, de dispor dun mecanismo de recollida de datos sobre a ciencia e a tecnoloxía no Sistema Universitario de Galicia, como único xeito de ter unha medida do que sucede no contorno científico do sistema e, particularmente, no sistema público de I + D.

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia creou un Observatorio de Produción Científica e Tecnolóxica no SUG, que recolle datos directamente do sistema ou accede á información secundaria que existe noutras fontes. Ademais, este observatorio elabora os datos obtidos para proporcionarlles información aos axentes que o requiran e, principalmente, á Dirección Xeral de Promoción Científica e



Tecnolóxica do SUG, á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e ao Instituto Galego de Estatística.



MEDIO RURAL ACORDA DECLARAR DE UTILIDADE PÚBLICA ZONAS DE MONTES VECIÑAIS DOS CONCELLOS DE BARALLA PARA O PROXECTO DE ÁREA DE DESCANSO DA AUTOVÍA E DE MUÍÑOS PARA A AMPLIACIÓN DO COMPLEXO TURÍSTICO DO CORGO

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto da área de descanso na autovía A-6, sobre a dos montes veciñais en man común Reboiro, Serra do Galo, O Picato, Carballal e Veigas, pertencente á comunidade de Picato, no Concello de Baralla, promovido pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Declarouse tamén a prevalencia da utilidade pública do proxecto de ampliación das instalacións do Complexo Turístico do Corgo, sobre a dos montes veciñais en man común Lama da Cela, Torrente e Lomba, pertencentes á comunidade de Muíños.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou ambos os informes positivos das delegacións provinciais do Medio Rural, elaborados despois de que se lle comunicaran os expedientes ás comunidades afectadas, que manifestaron o seu acordo coa execución destes proxectos de interese público.

A superficie de afección é de 1,2 has no caso do monte do Picato e de 4.194 metros cadrados no de Muíños.